



CRITERIOS DE ADMISIÓN E DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA QUE PODERÁN ENTREGAR ATA O 3 DE MAIO NA SECRETARÍA DO CENTRO

1. EXISTENCIA DE IRMÁNS NO CENTRO

- a) Por un irmán matriculado no centro **8 puntos**
b) Polo segundo e seguintes irmáns **2 puntos** por cada un

Xustificante: **Copia completa do libro ou libros de familia.**

2. NAI, PAI, OU TITOR LEGAL QUE TRABALLE NO CENTRO..... **3 puntos**

Xustificante: **Certificación da dirección do propio centro.**

3. PROXIMIDADE DO DOMICILIO FAMILIAR OU LUGAR DE TRABALLO DOS PROXENITORES AO CENTRO

A valoración deste criterio realizarase aplicando os seguintes baremos, con carácter excluínte:

a) Proximidade do domicilio familiar:

Na influencia do centro **6 puntos**

En áreas limítrofes á área de influencia do centro..... **3 puntos**

Documentación: **Certificado de empadramento, expedido polo concello** será o principal medio de acreditación das circunstancias da unidade familiar: domicilio, membros da familia que conviven nel e data de alta na vivenda. Expedido no 2013 e con antigüidade de alta mínima de 1 ano.

De non coincidir o domicilio familiar e fiscal, as familias interesadas deberán presentar a seguinte documentación: copia do título que lexitime a ocupación da vivenda declarada como domicilio familiar (**escritura de compravenda ou doazón, contrato de aluguer) e contrato de alta de recibos actualizados de subministracións (auga, luz, gas)** a nome da persoa que solicita a admisión.

Toda persoa que resida nun concello está obrigada a inscribirse no seu padrón (Art. 15 da Lei 7/1985. Cando o certificado de empadramento non cumpra o requisito da antigüidade, poderá xustificarse do mesmo xeito reflectido para o caso de non coincidencia dos domicilios fiscal e laboral.

b) Proximidade do lugar de traballo:

Situado na área de influencia do centro **4 puntos**

Situado nas áreas limítrofes á área de influencia do centro..... **2 puntos**

Documentación a presentar:

• No caso dos traballadores por conta allea, achegarase **un certificado expedido para o efecto polo empregador** xunto cunha **copia do contrato de traballo.**

• No caso de traballadores/as por conta propia, creditarase mediante **alta censual inicial ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria, con todas as posibles modificacións posteriores, e alta na Tesourería Xeral da Seguridade Social** no réxime correspondente.

• O persoal do servizo da administración pública presentará unha **certificación expedida pola xefatura de persoal** correspondente.

4. RENDA ANUAL PER CÁPITA DA UNIDADE FAMILIAR

Para a valoración da renda da unidade familiar terase en conta a declaración da renda do **ano 2011**. Os interesados/as deberán sinalar na solicitude a **cantidade que resulte da suma da base imponible xeral e da base imponible do aforro (casiñas 455+465) dividida entre o número de membros computables da unidade familiar.**

Se o resultado é:

a) inferior a 0,5 veces o IPREM (3.195,06€)..... **3 puntos**

b) igual ou superior a 0,5 e inferior a 0,75 veces o IPREM (3.195,06 - 4.792,60€) **2 puntos**

c) igual ou superior a 0,75 veces e inferior ao IPREM (4.792,60 – 6.390,12€) **1 punto**

d) igual ou superior ao IPREM (6.390,13€) **0 puntos**

Documentación a presentar: **autorización expresa na folla 3 da solicitude** para que a Axencia Tributaria subministre a información á Consellería de Educación.

5. CONDICIÓ DE FAMILIA NUMEROSA

a) Por pertencer a familia numerosa de categoría especial..... **3 puntos**

b) Por pertenza a familia numerosa de categoría xeral..... **2 puntos**

Documentación a presentar: **Fotocopia compulsada do título oficial en vigor ou do carné familiar galego expedidos pola Consellería de Traballo e Benestar.**

6. CONDICIÓ DE FAMILIA MONOPARENTAL..... **2 puntos**

Esta circunstancia acreditarase mediante **fotocopia do libro de familia, certificado de convivencia, resolución xudicial de separación, divorcio ou medidas paterno-filiais ou convenio regulador.**

7. CONCORRENCIA DE DISCAPACIDADE NA ALUMNA OU ALUMNO, OU EN PAI,

NAI, TITOR/A, IRMÁ/N DO ALUMNADO (en grao igual ou superior ó 33%): máx. 4 puntos

a) Por discapacidade da alumna ou alumno..... **4 puntos**

b) Por discapacidade dun dos proxenitores ou titores..... **3 puntos**

c) Por discapacidade dalgún dos irmáns da alumna ou alumno (**por cada un deles**)..... **1 punto**

Documentación: **Certificación do grao de minusvalía** expedida pola Consellería de Traballo e Benestar ou, se é o caso, do órgano competente doutras administración públicas.

8. CRITERIO COMPLEMENTARIO ESTABLECIDO POLO CENTRO1 punto

PUNTUACIÓN TOTAL E CRITERIOS DE DESEMPATE

A puntuación total decidirá a orde de admisión. No caso de empate na puntuación final, aplicaranse sucesivamente os seguintes criterios de desempate:

- a) Existencia de irmás ou irmáns matriculados no centro.
- b) Nai, pai ou titores que traballen no centro.
- c) Proximidade do centro ao domicilio familiar ou ao lugar de traballo de nai, pai ou titores.
- d) Renda anual per cápita da unidade familiar.
- e) Condición de familia numerosa.
- f) Condición de familia monoparental.
- g) Concorrenza de discapacidade na alumna ou alumno, da nai, pai ou titores ou dalgunha irmá ou irmán.
- h) Expediente académico do alumnado, de darse o caso.
- i) Criterio establecido polo centro educativo.

Se unha vez aplicados estes criterios se mantén o empate, este resolverase aplicando o resultado do sorteo público celebrado na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria o 22 de marzo: *“Para os efectos da resolución do desempate na puntuación final na orde de admisión do alumnado nos centros sostidos con fondos públicos no curso 2013/2014, conforme ao resultado do sorteo, as letras de prioridade que afectan ao primeiro apelido son as letras “U” e “K”; así mesmo, afectan ao segundo apelido as letras “J” e “Ñ”.*

